



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 2 de marzo de 2017

Hora de comezo: 14.15 h

Hora de remate: 14.40 h

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Don Jesús Sanjuás Mera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora accidental, dona Adela Lamela Arteaga, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Solicitude subvención para xestión do Entroido dos Xenerais do Ulla e delegación no concello de Boqueixón da representación.**
- 3. Reclamación pago canon a Servicios Ecológicos Recuperalia SL, ano 2016**
- 4. Arquivo expediente de procedemento sancionador**
- 5. Balance do CRA ano 2016**
- 6. Inicio trámites para expurgo de fondos bibliotecarios**
- 7. Aprobación de facturas**
- 8. Modificacións no padrón do lixo**
- 9. Altas no servizo de abastecemento/saneamento**
- 10. Licenza urbanística**
- 11. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 16 de febreiro do 2017.

2.Solicitud de subvención para xestión do Entroido dos Xenerais do Ulla e delegación no concello de Boqueixón da representación.

Segundo as condicións previamente consensuadas entre os concellos de A Estrada, Boqueixón, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces, no Protocolo de Intencións para a colaboración na promoción conxunta do entroido dos Xenerais da Ulla” e segundo tamén as condicións consensuadas nas reunións de coordinación e organización entre os concellos da provincia da Coruña, Boqueixón, Teo, Touro, Santiago de Compostela e Vedra, recóllense os acordos adoptados no que atinxe á xestión da promoción da citada festa.

Co fin de solicitar á Deputación da Coruña unha axuda económica para os gastos relativos á promoción conxunta do entroido dos Xenerais da Ulla, a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Delegar no concello de Boqueixón a representación dos concellos de Teo, Touro, Santiago de Compostela e Vedra fronte á Deputación Provincial da Coruña para tramitar a solicitude, xestión e percepción da subvención nominativa para o exercicio 2017.
- 2.- Que, acordamos solicitar á Deputación da Coruña unha axuda económica para soste este gasto anual, a través da subvención do Departamento de Cooperación, Plans provinciais xerais, Asistencia a municipios, Turismo e Patrimonio histórico- artístico.
- 3.- Aprobar a memoria de actividades e orzamento da promoción conxunta do entroido dos Xenerais da Ulla que se anexa.
- 4.- Que, seguindo o mesmo modelo de xestión de edicións precedentes, os cinco concellos que forman parte da celebración deste entroido dentro da provincia da Coruña, organizan de maneira conxunta a promoción e difusión da festa, a través de actividades e acción promocionais coordinadas.
- 5.- Que, os gastos relativos á promoción conxunta, serán asumidos solidariamente entre os cinco concellos.
- 6.- Que, para cada edición elixiremos un novo representante que xestionará o proceso en representación dos cinco concellos.
- 7.- Ratificar este acordo no seguinte Pleno que se celebre.

3.Reclamación pago canon a Servicios Ecológicos Recuperalia SL, ano 2016

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 19 de decembro de 2013 aprobouse un convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e “Servicios Ecológicos Recuperalia SL”,

para a instalación e explotación de contedores de recollida de roupa usada e esta en realizar a actividade convida, de acordo cunha serie de cláusulas.

A cláusula primeira sinala que “ *a empresa comprométese a instalar contedores de recollida de roupa e calzado usado nos lugares do termo municipal que o concello fixe....Esta cantidade é ampliable en función das necesidades que sempre terán que ser demandadas polo concello e autorizados en todo os casos*”.

A cláusula cuarta do convenio sinala que: “*Servicios Ecológicos Recuperalia SL*”, *aportará un canon de 300 € anuais, impostos incluídos, por cada contedor instalado*”.

Según informe de data 30 de maio do 2016, “*O coordinador de obras e servizos do Concello de Boqueixón, don Juan Manuel Corral Sánchez,*

INFORMA QUE:

A data actual, no Concello de Boqueixón existen 4 contedores da empresa “Servicios Ecológicos Recuperalia SL”, dedicados á recollida de roupa e calzado usado, nos lugares de O Forte, no punto limpo de Sergude, Codeso e Camporrapado.

Ditos contedores están situados na vía pública.”

Non consta ingresada na conta bancaria do concello de Boqueixón o canon correspondente ó ano 2016, que ascende a un total de 1.200 €.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir á empresa “Servicios Ecológicos Recuperalia SL” para que proceda no prazo de 10 días, a aboar o canon correspondente ó ano 2016, que ascende a un total de **1.200 €** na seguinte conta bancaria: xxxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón).

2. No caso de que non se aboe dita contía reclamarase a mesma pola vía executiva e así mesmo revocarase o convenio de colaboración e retirada dos catro contedores.

4.Arquivo expediente de procedemento sancionador

Con data 20 de outubro do 2016, recíbese no concello unha acta - denuncia presentada pola garda civil de Lestedo pola existencia de catro cans ceibos polas zonas próximas ao domicilio de don Manuel xxxxx, propietario dos referidos cans.

Con data 28 de outubro de 2016, comunícaselle ao señor xxxxx que debe adoptar as medidas oportunas co fin de que os citados cans estean debidamente vacinados, con microchip e cartilla sanitaria e que contén cun espazo debidamente pechado de xeito que non accedan libremente aos espazos públicos ou privados de xeito que supoñan un perigo para as persoas ou bens.

Por decreto de data 20 de xaneiro do 2017 resolveuse iniciar expediente sancionador contra don Manuel xxxxx para a imposición dunha sanción de 500 € pola tenza de 4 (catro) cans que andan ceibos polas zonas próximas o seu domicilio e sen a correspondente instalación adecuada que non permita o acceso dos mesmos á vía pública.

Concedéuselle igualmente un prazo de 10 días a contar desde o seguinte ao do recibo desta comunicación, para aportar cantas alegacións, documentos ou informes estime convenientes.

Con data 31 de xaneiro do 2017 don Manuel xxxxx presenta escrito sinalando que os cans están vacinados, con microchip e cartilla sanitaria (aporta documentación ó respecto) e sinala que os cans contan cun espazo debidamente pechado de xeito que non acceden libremente á vía pública.

Con data 22 de febreiro do 2017 o coordinador de obras e servizos do concello informa que “os catro cans, propiedade de don Manuel xxxxx, e dentro da parcela da súa propiedade donde ten a vivenda e edificacións anexas, dispoñen dun espazo pechado e amplo que non permite que os cans accedan libremente á vía pública”.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Arquivar o expediente sancionador iniciado contra don Manuel xxxxx, por adoptar o mesmo as medidas necesarias para que os cans dispoñan dun espazo pechado de xeito que non accedan libremente a vía pública
2. Comunicar o acordo ó interesado.

5. Balance do CRA ano 2016

O Centro Rural Agrupado Vedra – Boqueixón, que unifica sete escolas unitarias de ambos concellos, púxose en marcha no ano 2006.

Ambos concellos acordaron que os gastos de funcionamento, mantemento, conservación e outros que se poidan xerar na sede do CRA (En Lestedo - Boqueixón), serán asumidos polos concellos a partes iguais.

De acordo co exposto, axúntase relación de facturas de telefonía móbil, electricidade e custo do persoal de limpeza, que supoñen un total de gastos xerados polo CRA Vedra-Boqueixón, por importe total de 2.626,51 €, no período que abrangue de xaneiro a decembro do 2016.

O importe total a aboar polo Concello de Vedra (50 %) ascende a 1.313,26 €.

A desagregación é a seguinte:

Conceptos	Gastos Totais
Persoal de limpeza	1.742,40 €
Teléfono móbil	131,61 €
Consumo eléctrico	752,50 €
Suma Total	2.626,51 €

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Dar conta do balance do Centro Rural Agrupado Vedra-Boqueixón, ano 2016.
2. Que o Concello de Vedra aboe a contía que lle corresponde en relación cos gastos xerados polo Centro Rural Agrupado, que ascenden a un total de **1.313,26 €**.
3. Dar traslado deste acordo ó citado concello para o seu coñecemento e efectos.

6.Inicio trámites para expurgo de fondos bibliotecarios

1.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A biblioteca pública é unha entidade cultural que, polas características específicas da súa misión na comunidade, require dunha constante actualización e dinamismo, tanto nos servizos que ofrece como nas súas coleccións. En todo momento debe manter unha tendencia clara cara á mellora, a fin de fortalecer o papel que lle corresponde como porta a un mundo de coñecemento e información, sempre con respostas ás necesidades de lectura da súa comunidade. Para o logro deste obxectivo, un factor importante a considerar é o crecemento e desenvolvemento ordenado das coleccións, pois iso repercute de maneira directa no seu equilibrio temático e na eficiencia dos servizos que ofrece. Neste sentido, faise necesaria a definición de normas que auxiliien aos/-as bibliotecarios/-as na avaliación constante da calidade e actualidade dos materiais documentais. A constante atención do/-a bibliotecario/-a no funcionamento, conservación física e actualidade do contido da colección en servizo, especialmente das obras de maior consulta, facilitará a toma de decisións sobre a mellora da calidade e pertinencia do acervo; entre elas poderase optar pola recolocación ou o retiro das obras do fondo bibliográfico que non tiveron ou que deixaron de ter unha función útil para os/-as usuarios/-as.

Un dos obxectivos básicos da biblioteca pública é o mantemento dunha colección actualizada de libros e outros documentos que sexa capaz de satisfacer as necesidades informativas, culturais, formativas e de lecer dos cidadáns. Esta finalidade conséguese coa incorporación de novos documentos, pero tamén co expurgo, que consiste na retirada do fondo deteriorado e obsoleto, que xa non dá resposta ás necesidades do momento e que en definitiva dificulta o acceso a unha información pertinente e actual.

O expurgo é unha operación técnica de avaliación crítica da colección a partir de criterios materiais e intelectuais, con vistas a retirar de maneira temporal ou definitiva unha parte da colección de forma que esta mantéñase nas mellores condicións posibles de uso.

Debe considerarse como unha tarefa habitual e periódica. As “Pautas sobre os servizos de bibliotecas públicas” afirman que a colección debe entenderse como un ben de uso orientado ao servizo, e non tanto como un ben inventariable e de conservación, salvo no que concirne ao patrimonio bibliográfico e á colección local e establecen con claridade que a biblioteca pública debe practicar unha política de expurgo de forma sistemática e que conservará os materiais o período de tempo que os mesmos respondan a criterios de claridade e actualidade propios da lectura pública.

Neste mesmo sentido, as “Directrices IFLA/UNESCO para o desenvolvemento do servizo de bibliotecas públicas” afirman igualmente que os fondos da biblioteca son un recurso

dinámico que esixe unha chegada constante de materiais novos e a saída de materiais antigos para que sigan sendo importantes para a comunidade e teñan un nivel aceptable de actualidade.

2.- MARCO LEGAL

Todos os fondos das bibliotecas públicas, independentemente da súa antigüidade, teñen carácter patrimonial e polo tanto están suxeitos ao disposto na Lei 33/2003 do 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas. Pero a este respecto a normativa contempla ademais que calquera activo fixo, ben material ou inmaterial, que forma parte da estrutura de actividade dunha administración ou sociedade sofre como consecuencia do paso do tempo unha depreciación ou perda de valor. A expresión contable desa depreciación que sofren normalmente os bens patrimoniais de calquera entidade ou administración debido ao seu uso, ao paso do tempo ou á súa obsolescencia, denomínase “amortización” e así, seguindo por exemplo o tratamento contable que desde a Biblioteca Nacional dan no seu inventario aos libros non considerados como patrimonio histórico, pódese considerar que un libro está amortizado, e por tanto pódese expurgar, sen que exista perda contable patrimonial, transcorridos 10 anos.

Á hora de realizar o expurgo, deberase ter en conta o disposto na Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español¹, e a o disposto na Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o disposto no artigo 110.²

3.- PLAN DE EXPURGO:

¹ Véxase a Ley 16/1985 de Patrimonio Histórico Español, art. 50.1 y 50.2: Forman parte del Patrimonio Bibliográfico las bibliotecas y colecciones bibliográficas de titularidad pública y las obras literarias, históricas, científicas o artísticas de carácter unitario o seriado, en escritura manuscrita o impresa, de las que no conste la existencia de al menos tres ejemplares en las bibliotecas o servicios públicos. Se presumirá que existe este número de ejemplares en el caso de obras editadas a partir de 1958. Asimismo forman parte del Patrimonio Histórico Español y se les aplicará el régimen correspondiente al Patrimonio Bibliográfico los ejemplares producto de ediciones de películas cinematográficas, discos, fotografías, materiales audiovisuales y otros similares, cualquiera que sea su soporte material, de las que no consten al menos tres ejemplares en los servicios públicos, o uno en el caso de películas cinematográficas.

² Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia

Artículo 110. Patrimonio Bibliográfico de Galicia

1. A los efectos de esta ley, el patrimonio bibliográfico gallego está constituido por los fondos y colecciones bibliográficas y hemerográficas de especial valor cultural.

2. Asimismo, se incluyen en el patrimonio bibliográfico gallego las obras literarias, históricas, científicas o artísticas, ya sean impresas, manuscritas, fotográficas, cinematográficas, fonográficas o magnéticas, de carácter unitario o seriado, que reúnan los requisitos del apartado anterior, en cualquier tipo de soporte e independientemente de la técnica utilizada para su creación o reproducción, en las que concurra alguna de las siguientes circunstancias:

a) Que respecto a estas obras conste la inexistencia de, por lo menos, tres ejemplares idénticos en bibliotecas o servicios públicos.

b) Que sean anteriores a 1901.

c) Que tengan características singulares que les otorguen carácter único (ex libris, expurgos, etc.).

3. Quedarán sometidos al régimen de protección que esta ley establece para los bienes declarados de interés cultural los inmuebles dedicados a bibliotecas de titularidad autonómica. Los bienes situados en ellos tendrán el régimen de protección establecido en las normas sectoriales que les sean de aplicación, sin perjuicio de su posible declaración de interés cultural o catalogación.

4. Este capítulo será de aplicación a los originales fonográficos, gráficos o cinematográficos, así como a los ejemplares hemerográficos, independientemente del soporte en el que se encuentren

O expurgo das coleccións dunha biblioteca, aínda que pareza un termo forte, está unido á acumulación, estratificación e conxestión que sofren as mesmas. É unha acción que non trata, en absoluto, de desembarazarse dos superfluo nin de desposuírse dos fondos senón máis ben de adaptalos á oferta e a demanda, o que leva, en definitiva, a ofrecer unha colección máis cohesionada e coherente coas necesidades dos usuarios.

O expurgo non é, pois, unha destrución ou depuración do patrimonio histórico ou bibliográfico senón unha nova organización de contidos da biblioteca a fin de ofrecer unha información cada día máis actual, ligada ás necesidades da sociedade.

Hoxe en día, nos países avanzados, considérase un tema indispensable da xestión e organización bibliotecaria e, aínda que o proceso mecánico do expurgo é laborioso e pouco grato, o resultado final é un aumento da calidade e actualidade dos fondos que se ofrecen ao público e unha especialización adecuada ao fin que serve.

a) Motivos:

- deterioración de exemplares
- obsolescencia, desfasamento científico ou inadecuación do contido
- falta de uso
- necesidade de espazo (alcanzado o 80% da capacidade débese iniciar un expurgo)
- mellora do acceso aos fondos

b) Obxecto:

Tendo en conta que debe haber unha Colección Básica, excluiremos do proceso, en principio, o material bibliográfico pertencente a:

- fondo de historia local e recursos autóctonos
- Fondo de Reserva: libros antigos, curiosos ou raros e exemplares únicos ou esgotados, é dicir, irremplazables (fondo propiamente patrimonial e de acceso restrinxido)
- obras literarias, de cinema e música básicas consideradas como “clásicos” que se deben ter sempre
- partes dunha colección que se teña completa
- exemplares considerados imprescindibles na súa especialidade (manuais)
- obras concernentes a colectividade relevantes para a comunidade, como minorías étnicas.

Pódense expurgar, por tanto, o resto dos materiais bibliográficos: libros, publicacións periódicas, obras de referencia, anuarios e directorios atrasados, etc.

c) Finalidade:

- Orientar/ optimizar o gasto en adquisicións
- Optimizar a xestión a colección
- Mellorar a transformación dos recursos investidos
- Rentabilizar o espazo
- Aumentar a satisfacción do usuario mediante a adecuación dos produtos e servizos ofrecidos pola biblioteca.

d) Destino dos fondos:

- Relegación externa a outro lugar de almacenamento
- Depósito interno

- Eliminación
- Doazón a outros centros
- Venda ao público da biblioteca
- Destrución física

e) Criterios de aplicación:

A bibliografía profesional prescribe os seguintes criterios a considerar:

Criterios Obxectivos	Medida
Antigüidade	Data do depósito legal/copyright
Duplicidade	Número de exemplares
Uso	Data derradeiro préstamo
Dispoñibilidade	Dispoñible noutras bibliotecas
Redundancia	Presenza en fontes máis utilizadas

Criterios subxectivos	Medida
Deterioro	Opinión da bibliotecaria
Calidade e actualidade da información	Opinión da bibliotecaria
Adecuación ao conxunto da colección	Opinión da bibliotecaria

- **OBRAS XERAIS DE REFERENCIA** Bibliografías e enciclopedias son de pouco uso despois de dez (10) anos, con todo, poden facerse excepcións, almanques e anuarios deben ser descartados cando están sobreseídos.
- **RELIXION E FILOSOFIA** Debe reterse todo o relativo a sistemas filosóficos, pero descartar textos históricos e explicativos cando foron sobreseídos. Descartar tamén as obras máis vellas de teoloxía, vellos comentarios sobre a Biblia, literatura sectaria, sermóns, libros sobre condución da vida, psicoloxía popular de auto-axuda e outras guías para vivir que sexan vellas e perdesen popularidade.
- **CIENCIAS SOCIAIS** Require revisión frecuente porque gran parte deste material trata problemas de interese temporal que pode ser substituído máis tarde por unha cobertura histórica deses tópicos; economía, investimentos, impostos, etc., necesitan coidadosa observación. Traballos históricos sobre economía, ciencias políticas, educación, transporte, etc., deberían ser mantidos se existe demanda. Polo xeral, deben manterse materiais básicos sobre folclore e costumes.
- **FILOLOGIA OU LINGUA** Descartar vellas gramáticas, dicionarios escolares ordinarios. De cando en cando descartar grandes dicionarios. O resto da colección pode descartarse en base ao seu uso.
- **CIENCIAS E TECNOLOXIA** Deben descartarse os libros con información ou teorías obsoletas; así como todas as obras xerais que foron sobreseídas, a menos que sexan libros clásicos na materia. **TODOS OS TEXTOS ORDINARIOS** poden xeralmente ser descartados despois de cinco (5) anos. Botánica e Historia Natural deberían ser inspeccionadas coidadosamente antes de eliminalas. Astronomía perde actualidade rapidamente. Hai que tratar de manter esta sección **ACTUALIZADA**, descartando o material máis vello. Cinco (5) ó dez (10) anos son suficientes para a desactualización de material, en campos como medicamento, invencións, radio, televisión e negocios. Para economía doméstica, libros de cociña, xardinería e algúns materiais sobre artesanía, hai que observar os patróns de uso.

O índice de obsolescencia dos materiais que tratan temas sobre tecnoloxías de punta (Informática) é alto, polo que resulta difícil debido ao vertixinoso dos cambios, manter en rigor unha colección actualizada. Pero dada a perspectiva do descarte deben excluírse materiais de edicións anteriores a 5 anos coa excepción dalgúns textos teóricos que abordan tópicos xenerais sobre o coñecemento da Informática.

- ARTE, MUSICA, HOBBIES, etc. Descartar con sentido económico nas belas artes. Manter as coleccións de música, gravado, libros con finas ilustracións.
 - LITERATURA Manter historia literaria a menos que fose sobreseída por un título mellor. Manter obras coleccionadas a menos que fosen definitivamente sobreseídas, descartar poetas e dramaturgos que xa non se inclúan en historias da literatura e xa non sexan lidos. Descartar os traballos de novelistas menores cuxos traballos non fosen reeditados e que xa non sexan de interese para os lectores. Manter obras clásicas da literatura universal.
 - HISTORIA Pode descargarse moita escritura contemporánea que está agora recompilada en historias básicas (como materiais sobre a II Guerra Mundial), traballos históricos que son só resumos e non gozan de autoridade, e obras de viaxes de 10 anos de antigüidade, a menos que se distinguan polo estilo e/ou a importancia do autor. Deben manterse historias convertidas en clásicos literarios, así como calquera cousa relativa a historia rexional e local.
 - BIOGRAFIA Manter coleccións de biografías, pero vidas individuais de persoas de pouca importancia no presente poden ser descartadas cando a demanda decline. Manter todo o que poida ser útil para historia local.
- f) Execución do plan de expurgo.
- Examinarase cada obra de cada área que se decidiu expurgar
 - Aplicando os anteriores criterios obxectivos e subxectivos decídese o destino da obra
 - Revisar un a un cada libro e retirar os que se axusten aos criterios de expurgo fixados
 - Asignar como expurgado o documento no catálogo
 - Contabilizar o número total de libros expurgados

Polo que a Xunta de Goberno, acorda:

1. Iniciar os trámites para o expurgo dos fondos bibliográficos atendendo aos criterios expostos pola bibliotecaria municipal.
2. Dar conta deste acordo á bibliotecaria para que proceda coa oportuna tramitación de expediente.

7.Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar as seguintes relacións de facturas que serán aboadas con cargo ó orzamento do ano 2017 por un importe total de 19.626,89 euros.

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Neumáticos Abraldes – Arranxo cubertas e reposición de pneumáticos en vehículos municipais	135.213.00	977,61
2	Consejo Gral. Cosital – Subscrición revista concellos CUNAL 2017 -	920.220.01	190,00
3	Liquidación de gastos de José Gonzalo Torres Gil – ITV vehículo Nissan	135.213.00	46,83

	Navara 8736 GSN		
4	Yolanda Carreira Bermejo – Menú agasallo Ruta das Tapas	432.226.02	120,00
5	Alberto Pose Méndez – pedagogo programa reforzo educativo mes de xaneiro	231.22799	215,60
6	Laber suministros – Reactivos test cloro abastecemento de auga	161.221.99	105,27
7	Gasóleos S. Benito, SL – Gasolinas e outros para servizo de parques e xardíns	171.221.03	216,94
8	Gasóleos S. Benito, SL – Gasóleo C para os centros médicos de Forte e Lestedo	920.221.03	1.010,00
9	Vidrieras Compostela, SL – Metacrilato para reparación marquesiñas	151.212.00	29,65
10	Dismac – Material de oficina para departamentos concello	920.220.00	173,24
11	Galicia Gestión Audiovisual, SL – Cobertura visita institucional ó Pico Sacro para video promocional	432.226.02	302,50
12	María del Carmen Vázquez Fernández – Subministro alimentación para escola infantil de Lestedo	231.221.05	268,57
13	Cogami – Recollida de cartón e papel mes de xaneiro	162.3.212.00	395,21
14	Ulla Oil, SL – Gasóleo A para depósitos municipais	135.221.03	3.120,00
15	Sandra Seoane Abraldes – Traballos de limpeza e corta de árbores en pistas e camiños do concello por mor do temporal	153.2.212.00	2.940,30
16	Antonio Pena, SL – Arranxo avaría WC na escola unitaria de Sergude	320.212.00	99,22
17	Antonio Pena, SL – Arranxo cisternas e revisión caldeira calefacción no colexio do Forte	320.212.00	102,12
18	Antonio Pena, SL – Arranxo WC do centro médico do Forte	312.212.00	23,80
19	David Fernández Neira – Servizo actividades deportivas mes de xaneiro- segundo contrato	341.226.09	1.863,40
20	Antonio Pena, SL – Instalación toma auga en sistema de rega campo igrexa de Donas	171.213.00	70,46
21	Grafideas, SC – Placa publicidade subvención escola infantil	231.212.00	145,20
22	Antonio Pena, SL – Traballos caldeira calefacción casa do concello	920.213.00	137,42
23	Antonio Pena, SL – Traballos en calefacción e fregadeiro da escola infantil	231.212.00	42,35
24	Liquidación de gastos de Ricardo Romero Pérez – kilometraxe escolas deportivas para impartición de ximnasia nos centros sociais municipais	920.23020	369,74
25	Ferrecal, SL – Subministro de 3 contadores para subministro abastecemento	161.22199	96,00
		Importe	13.061,43

A continuación transcríbense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2017

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
26	Vodafone – Servizo mensared do 15/01/17 ó 14/02/17	920.22200	14,54
27	Compostela Digital, SL – Mantemento informático mes de xaneiro	920.216.00	592,22
		Importe	606,76

A continuación reflíctense as facturas emitidas por Gas Natural Sur SDG,SA pertencentes a diferentes puntos de alumeado público e que suman un total de 2.973,63 euros. Imputaranse á partida 165.221.00 do orzamento do ano 2017.

Nº de Factura	CUPS	Importe	Lugar suministro	Data emisión	Data facturación
17137001723675	ES0022000008178424BW1P	63,00	Lg. Pumares, 9010 A.Púb.	22/01/2017	23/12/16 a 16/01/17
17137001835948	ES0022000007107339VG1P	47,75	Lg. Noenlle, 9794 A. Público2	25/01/2017	24/12/16 a 19/01/17

17137001821882	ES0022000007249678HL1P	36,20	Lg. Agra, 9917 A. Público2	25/01/2017	22/12/16 a 22/01/17
17137001849319	ES0022000007249757EY1P	135,07	Lg. Agra, 9922 A. Público	25/01/2017	22/12/16 a 22/01/17
17137001794322	ES0022000007253151PL1P	122,51	Lg. Deseiro de Arriba, 9000 A.Púb.	25/01/2017	24/12/16 a 22/01/17
17137001800661	ES0022000007021144HJ1P	157,41	Lg. Rodiño Pequeno, 9709 A.Púb.	25/01/2017	24/12/16 a 19/01/17
17137001777633	ES0022000009030714ZG1P	257,63	Lg. Rodiño Grande, 9998 A.Púb.	25/01/2017	24/12/16 a 22/01/17
17137001829791	ES0022000007274859DS1P	23,27	Lg. Santabaia, 9999 LOSOCI	25/01/2017	28/12/16 a 22/01/17
17137001924548	ES0022000007249650VZ1P	96,61	Lg. Melón, 9913 A.Público	26/01/2017	22/12/16 a 22/01/17
17137001806061	ES0022000004357716EP1P	272,49	Lg. Vilar, 0001	25/01/2017	13/12/16 a 22/01/17
17137001853693	ES0022000008942577TA1P	615,68	Lg. Vilar, 0001 A.P Poste	26/01/2017	13/12/16 a 22/01/17
17137001834069	ES0022000004357736TM1P	14,47	Lg. Vilar, 0154ER	25/01/2017	20/12/16 a 22/01/17
17137001825134	ES0022000007776341DM1P	127,76	Lg. Moa, 9002 A.Público	25/01/2017	28/12/16 a 22/01/17
17137001813943	ES0022000007854283VT1P	89,30	Lg. Lamas, 9004 LOCALS	25/01/2017	24/12/16 a 22/01/17
17137001821254	ES0022000004312931FG1P	213,76	Lg. Lamas, 8004CC	22/01/2017	23/12/16 a 16/01/17
17137001838350	ES0022000007249771EC1P	379,78	Lg. Picota, 9925 A.Público	25/01/2017	13/12/16 a 22/01/17
17137001773148	ES0022000007376881YD1P	47,42	Lg. Moa, 9001 A.Público	25/01/2017	22/12/16 a 22/01/17
17137001813910	ES0022000007320551HY1P	60,23	Lg. Rodiño Grande, 9001 A.Púb.	25/01/2017	24/12/16 a 22/01/17
17137001793888	ES0022000007249751ET1P	2,94	Lg. Gastrar, 9921 A.Público	25/01/2017	22/12/16 a 22/01/17
17137001817636	ES0022000007251849KM1P	39,89	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Púb.	25/01/2017	22/12/16 a 22/01/17
17137001817593	ES0022000007251852KP1P	170,46	Lg. Loureda, 8889 A.Público	25/01/2017	22/12/16 a 22/01/17
	TOTAL	2.973,63			

Aprobación de facturas con cargo a subvencions

Plan PAS 2015

Proxecto: Melloras no campo de fútbol do Forte e outro

Importe: 36.058,06 euros

Deputación da Coruña

Partida presupostaria: 933.619.01

Núm.	Proveedor	Importe
1	General de Hormigones, SA – Servizo de bombeo (2) para servir formigón en campo do fútbol do Forte	726,00
2	Yesos y Morteros Millán, SLU – Traballos realizados no local de Loureda	2.026,75
3	Materiales de construción Piñeiro – Ferro para campo de fútbol do Forte	232,32
	Total	2.985,07

8.Modificacións no padrón do lixo

De oficio

No padrón do lixo do ano 2016, emitiuse un recibo a nome de José M. xxxxx por unha vivenda e un importe de 62,53 euros.

A súa propietaria, dona Josefina xxxxx, solicita que se corrixa o erro, e coa finalidade de facer o correspondente pagamento relativo ó ano 2016, se anule o recibo emitido incorrectamente.

A Xunta de Goberno acorda:

Anular o recibo do lixo correspondente ó ano 2016 emitido a nome de José M xxxxx con núm. fixo 253000562233 por unha vivenda situada no lugar de xxxxx – A Granxa e por importe de 62,53 euros.

Comunicar a dona Josefina xxxxx, que debe efectuar o pagamento do recibo na conta do concello e polo importe de 62,53 euros.

Comunicar este acordo á Deputación para que procedan coa anulación do recibo erróneo.

Rexistro 16/2400

D. José María xxxxx, solicita que o recibo de lixo que ata o de agora viña ó seu nome por unha vivenda situada no lugar de xxxxx – Boqueixón, se modifique e se poña a nome de María xxxxx.

Consultando os datos achegados e os contidos no padrón da urbana, detéctase que a vivenda figura no recibo de IBI – Urbana a nome de María xxxxx tributando por un 50%. O restante importe figura a nome do solicitante.

Alega que debido a un proceso de divorcio xa non vai a vivir neste concello e solicita a modificación do recibo polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Modificar o suxeito pasivo do recibo do lixo emitido por unha vivenda situada no lugar de xxxxx e que figuraba a nome de José María xxxxx e poñelo a nome de María xxxxx, propietaria en réxime de gananciais.

Comunicar este acordo ós interesados.

9. Altas no servizo de abastecemento/saneamento

A) Alta en Abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga, inclúese como beneficiario do servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmoible	Taxa	Importe conexión/ instalación contador
Óscar xxxxx Vilar, s/n.- Lestedo 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx – Vilar, s/n.- Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €	24,37 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes, así como os importes pola conexión á rede, que se rexerán pola ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida é para vivenda.

A dita taxa pola alta de abastecemento foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán, SCG” o 28/12/2007. Así mesmo, o ingreso pola conexión á rede de abastecemento foi efectuado polo interesado nas arcas municipais, segundo o xustificante de ingreso que consta no expediente.

2.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó enderezo fiscal indicado:

B) Alta en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Saneamento, inclúese como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmovible	Taxa
Óscar xxxxx Vilar, s/n.- Lestedo 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx – Vilar, s/n.- Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Dar de alta no servizo de saneamento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

A alta concedida é para vivenda.

A dita taxa de saneamento foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán, SCG” o 28/12/2007.

2.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó enderezo fiscal indicado:

10.Licenza urbanística

Licenza municipal de inicio de actividade

Expte Inicial.: 12/1397

Expte. Reformado do Inicial: 13/1383

Expte. Final de Obras: 14/2251

Expte. 15/1603 – modificado de proxecto reformado

Expte. 15/1430 – solicitude inicio actividade – **anexo final de obras**

Antecedentes:

Con data do 7 de novembro de 2013, na xunta de goberno local do concello de Boqueixón, concedeuse a SAT CANDESA, con CIF núm. xxxxx, a licenza municipal de obras e actividade, para a “construción e instalación dunha explotación agropecuaria de gando

vacún leiteiro”, emprazada no lugar de Outeiro, na parroquia de Lamas, en base aos seguintes expedientes: Inicial.: 12/1397, e reformado do inicial: 13/1383.

Con data do 9 de decembro de 2014, con rexistro de entrada núm. 14/2251, polo promotor das obras achégase o certificado final de obras, subscrito polo enxeñeiro técnico agrícola, D. Juan Manuel Hermida Vázquez, en base ao cal se solicita o inicio da actividade.

Con data do 17 de febreiro de 2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un informe técnico, no que básicamente se di: *“realizada visita de comprobación con data do 13 de febreiro de 2015, compróbase que as actuacións executadas non se corresponden coa licenza outorgada. As variacións observadas supoñen unha modificación da licenza outorgada, polo que deberase achegar proxecto básico e de execución MODIFICADO, no que quede reflectida a realidade construída, e se xustifique o cumprimento da normativa vixente. Así mesmo, deberase xustificar o cumprimento das condicións establecidas no ditame de incidencia ambiental.*

Con data do 12 de agosto de 2015, con rexistro de entrada núm. 15/1603, achégase o proxecto reformado da explotación de 115 cabezas de gando vacún leiteiro en Outeiro, na parroquia de Lamas, a nome de SAT CANDESA; e solicítase a modificación da licenza municipal.

Con data do 16 de setembro de 2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un novo informe técnico, e que literalmente di:

“no certificado final de obra achegado en decembro de 2014, indícase que na execución das obras dáse cumprimento ás condicións imposta pola CMATII no ditame de incidencia ambiental correspondente. Non obstante, na páxina 7 da última documentación presentada dise que non se cumpre unha das condicións indicadas no devandito informe, consistente na división da foxa en dúas sub-foxas. Segundo consulta realizada. Dita modificación require a autorización por escrito do Servizo que emite os ditames, onde non consta presentada ningunha solicitude. En consecuencia, deberase presentar dita autorización para a modificación do ditame de incidencia ambiental.

Lémbrase que os cerramentos deben quedar pintados en cores acordes co medio rural, non admitindo o formigón como acabado visto.”

Con data do 14 de xuño de 2016, con rexistro de entrada núm. 16/1195, por D. Manuel xxxxx, con DNI núm. xxxxx, como representante de CANDESA SAT, preséntase unha solicitude no concello, para que este, tramite un novo ditame de incidencia ambiental, en base ao expediente CO/217/2013.

O Concello de Boqueixón, mediante oficio de data do 14 de xullo de 2016, con rexistro de saída núm. 16/649, en base á petición presentada por D. Manuel xxxxx, solicita ante o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, UN NOVO DITAME AMBIENTAL, en base ao proxecto reformado presentado con data do 12 de agosto de 2015.

Polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con data do 6 de outubro de 2016, RESOLVE formular o novo ditame de incidencia ambiental favorable, en base á documentación achegada, a nome de SAT CANDESA.

Con data do 27 de outubro de 2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase o informe técnico favorable, ao proxecto reformado presentado con data do 12 de agosto de 2015 (entrada nº.: 15/1603).

Con data do 14 de novembro de 2016, emítase o informe xurídico favorable, á modificación da licenza municipal de obras e actividade.

Con data do 17/11/2016, a Xunta de Goberno Local, aproba a modificación da licenza municipal de obras e actividade para a “*construción e instalación dunha explotación agropecuaria de gando vacún leiteiro*”, emprazada no lugar de Outeiro, na parroquia de Lamas.

Unha vez modificada esta licenza, e como continuación da tramitación do expediente de inicio de actividade, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, con data do 2 de febreiro de 2017, emite un informe técnico, e que literalmente se transcribe a continuación:

“Quen asina, D^a. María Carmen Novoa Sío, arquitecta de Estudio Técnico Gallego, SA, empresa encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello de Boqueixón (A Coruña); en relación coa licenza de obra e actividade para explotación gandeira para 115 cabezas de gando vacún leiteiro (reformado), localizada no lugar de Outeiro, parroquia de Lamas, e presentada por D. Manuel xxxxx (en representación de S A T Candesa), emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO

1. ANTECEDENTES.

1. Con data do 7 de novembro de 2013, a Xunta de Goberno Local outorgou licenza de obras para a construción dunha explotación gandeira de vacún leiteiro, no lugar de Outeiro, parroquia de Lamas (expte.: 12/1397). Foi notificada con data do 11 de novembro (RS nº13/1078).

2. Con data do 9 de decembro de 2014 (RE nº14/2251), preséntase solicitude de inicio de actividade, acompañada de certificado final de obra, firmado polo mesmo técnico que realizou o proxecto obxecto da licenza.

3. Con data do 17 de febreiro de 2015, quen asina emite informe técnico, no que indicaban as seguintes observacións:

Realizada visita de comprobación con data do 13 de febreiro de 2015, compróbase que as actuacións executadas non se corresponden coa licenza outorgada:

- Na zona de oficinas, a distribución interior no coincide co proxecto presentado, e ademais executouse un primeiro andar que tampouco figura na documentación.*
- No proxecto as dúas edificacións eran independentes, separadas por unha distancia mínima de 5m, mentres que realmente executáronse unidas, en forma de L.*
- Os cerramentos exteriores das edificacións están sen pintar.*

As variacións observadas supoñen unha modificación da licenza outorgada, polo que deberase achegar proxecto básico e de execución MODIFICADO, no que quede reflectida a realidade construída, e se xustifique o cumprimento da normativa vixente.

Así mesmo, deberase xustificar o cumprimento das condicións establecidas no ditame de incidencia ambiental de xeito detallado.

4. Con data do 15 de xullo de 2015 (RE nº15/1430), achégase anexo ó certificado final de obra visado. Na nova documentación indícanse as modificacións realizadas durante a execución das obras, cun orzamento de execución material de 8.287,21 euros.

5. Con data do 5 de agosto de 2015, quen asina emite novo informe técnico, no que se indica que: “quen asina ratifícase nos informes técnicos emitidos anteriormente. As

modificacións realizadas supoñen unha modificación da licenza outorgada, polo que será necesario presentar un proxecto modificado”.

6. *Con data do 12 de agosto de 2015 (RE nº15/1603), achégase o proxecto modificado requirido anteriormente.*

7. *Con data do 11 de outubro de 2016 (RE nº16/2221), recíbese notificación de ditame de incidencia ambiental favorable, emitido polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.*

8. *Con data do 17 de novembro de 2016, a Xunta de Goberno Local outorgou nova licenza de obras para a construción dunha explotación gandeira de vacún leiteiro, no lugar de Outeiro, parroquia de Lamas, de acordo co último proxecto modificado presentado.*

2. OBSERVACIÓNS Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA.

Á vista da documentación integrante do expediente, da nova licenza outorgada, e das visitas realizadas ó lugar, compre indicar que o anexo ó certificado final de obra presentado o 15 de xullo de 2015 (RE nº15/1430) reflicte as modificacións realizadas con respecto ó primeiro certificado achegado. Polo tanto, non se considera necesaria a presentación dun novo certificado final de obra, aínda que estaba así indicado na licenza outorgada con data do 17 de novembro de 2016.

En consecuencia, infórmase favorablemente as actuacións executadas, e o inicio da actividade.

Infórmase ós efectos oportunos.”

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a licenza municipal de inicio de actividade, para a posta en funcionamento da “instalación dunha explotación agropecuaria de gando vacún leiteiro”, emprazada no lugar de Outeiro, na parroquia de Lamas, da que foi concedida a licenza municipal de obras e actividade, na xunta de goberno local, con data do 7 de novembro de 2013, posteriormente modificada na xunta de goberno local, con data do 17 de novembro de 2016, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e coas seguintes condicións:

a).- Condicións particulares da licenza modificada:

01. Expte. inicial: 12/1397
02. Expte. reformado do inicial: 13/1383
03. Expte. final de obras: 14/2251
04. Expte. modificado de proxecto reformado: 15/1603
05. Expte. de solicitude inicio actividade: 15/1430
06. Promotor dos expedientes e licenzas: S.A.T. CANDESA
07. C.I.F. do promotor: xxxxx
08. Clasificación urbanística: SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
09. Tipo de Actividade: POSTA EN FUNCIONAMENTO DA INSTALACIÓN DUNHA EXPLOTACIÓN AGROPECUARIA DE GANDO VACÚN LEITEIRO (115 CABEZAS)
10. Situación e emprazamento: OUTEIRO - LAMAS
11. Técnico autor dos proxectos: JUAN M. HERMIDA VÁZQUEZ. Enxeñeiro Técnico Agrícola
12. Taxa pola licenza de actividade: 498,10 € (abonadacon data do 23/12/2013)
13. Prazo para o inicio da actividade: SEIS (6) MESES

b).- Condicións especiais da licenza de actividade:

1. Deberanse cumprir ás condicións impostas pola Consellería de Medio Ambiente, e Ordenación do Territorio, no novo ditame de incidencia ambiental favorable, emitido con data do 06/10/2016, e que se detallan a continuación:
 - a. *A utilización do xurro como fertilizante agrícola respectará as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha. segundo R.D. 261/1996, do 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias, e o Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.*
 - b. *Evitarase o manexo de esterco en días de fortes ventos, festividadeas ou en fin de semana, así como aplicación destes en terreos próximos a núcleos de poboación. No seu espaxamento respectaranse as distancias mínimas indicadas no Código Galego de Boas Prácticas Agrarias. Sempre que sexa tecnicamente posible procederase ao enterrado inmediato do xurro.*
 - c. *Para o espaxamento do xurro empregáranse preferentemente sistemas de inxección no terreo. De empregarse prato difusor, o xurro deberá incorporarse ó terreo dentro das 24 horas posteriores o seu espaxamento.*
 - d. *Todas as superficies da instalación onde se acumulen substancias contaminantes contarán con soleiras perfectamente impermeabilizadas, estas deberán revisarse periodicamente para previr a existencia de fendas que permitan a infiltración de verteduras ó solo. O gando que se atope directamente sobre o terreo natural deberá rotarse para evitar o exceso de carga, e as parcelas contarán con capa vexetal protectora.*
 - e. *Non se aplicará xurro en zonas con pendentes maiores do 20%, nin sobre litosolos (solo pedregoso que se atopa sobre rocha nai dura e pouco evolucionada).*
 - f. *Os xurros/estercoas deberán incorporarse ao terreo ao mesmo tempo que se aplican, para elo empregáranse preferentemente sistemas de aplicación/inxección directa no terreo.*
 - g. *A aplicación de xurro/esterco sobre superficies forestais comunicáranse á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental dentro do mes de aplicación.*
 - h. *Para a aplicación de xurros/estercoas nos montes veciñais en man común (MVMC), requirirase o consentimento da xunta directiva.*
 - i. *As augas pluviais que caian sobre as cubertas deberán recollese e eliminarse con control, evitando a formación de lameiros e escorrentas na parcela. As augas pluviais non se poderán mesturar cos restos de dexestións e materia orgánica da actividade (efluentes de silos, restos de alimentos, restos de leite...), e descorrer pola parcela sen control, xa que pasarían a ser augas residuais que deberían recollese e tratarse.*
 - j. *Todas as fosas de xurro existentes deberán dispor sistemas que impidan a mestura coa auga de chuvia. As novas fosas/balsas deberán ser exteriores, formigonadas e/ou impermeabilizadas, con cubertas. A suma das fosas de xurro deberán dispor dunha capacidade mínima para almacenar 6 meses de produción,*
 - k. *Os silos terán un sistema que impida a entrada de auga de choiva.*
 - l. *Para a captación de auga do pozo: No caso de que as augas se utilicen no mesmo predio nas que foron captadas, se a captación supera os 7.000 m³ anuais deberá solicitar **concesión** para a captación de auga; e se non supera a dita cantidade, deberá solicitar o **recoñecemento do dereito** e a correspondente **inscrición** no rexistro de augas. No caso de captarse nun predio e utilizarse noutro, deberá en todo caso*

solicitar concesión para a dita captación. E todo elo perante o Organismo Autónomo Augas de Galicia, segundo o establecido no texto refundido da Lei de Augas (B.O.E. nº 176, do 24 de xullo de 2001).

- m. O promotor deberá solicitar a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, como pequeno produtor de residuos perigosos no caso de producir menos de 10 Tn anuais de residuos perigosos, ou como produtor de residuos perigosos en caso de superar a dita cantidade. Todo isto segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia (DOG nº 124, do 29 de xuño de 2005).*
- n. De realizar o transporte de residuos perigosos ata os xestores autorizados, este deberá realizarse por transportistas rexistrados. Os traslados de residuos perigosos realizaranse do xeito indicado do Real Decreto 833/1998, de 20 de xullo, e/ou no Decreto 221/2003, de 27 de marzo.*
- o. O promotor deberá separar adecuadamente a non mesturar os residuos perigosos, evitando particularmente as mesturas que supoñan un aumento de perigosidade ou dificultade a súa xestión.*
- p. Adoptaranse as medidas técnicas e economicamente viables para reducir a cantidade de residuos xerados no proceso e nas operacións auxiliares.*
- q. A empresa adoptará as medidas correctoras oportunas co obxecto de que os residuos se almacenen en condicións axeitadas de hixiene, seguridade e segregación, garantindo en todo caso que se impida calquera afección ó medio ambiente. As zonas de almacenamento de residuos, así como os seus contedores manteranse correctamente sinalizados e etiquetados, no seu caso, e en correcto estado de mantemento e limpeza.*
- r. O período máximo de almacenamento de residuos perigosos na instalación, antes da súa retirada ou entrega a xestos autorizado, será de (6) meses.*
- s. Deberá dispor de arquivo físico e/ou telemático onde se recolla por orde cronolóxico a cantidade, natureza, orixe, destino e método de tratamento dos residuos, de acordo o artigo 40 da Lei 22/2011.*
- t. Todos os residuos entregaranse a xestores autorizados e inscritos no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, priorizando a entrega a xestores que realicen operacións de valorización e que se atopen máis preto da instalación.*
- u. No caso de residuos non perigosos, o período máximo de almacenamento será dun (1) ano cando o destino final sexa a eliminación, e dous (2) anos cando o destino final sexa a súa valorización.*
- v. Os animais mortos na granxa non se poderán soterrar, xestionaranse segundo as disposicións recollidas no Regulamento (CE) 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se deroga o Regulamento (CE) 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais), no Regulamento (UE) 142/2001 da Comisión, de 25 de febreiro de 2011, e no Real Decreto 1528/2012, de 8 de novembro, polo que se establecen as normas aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano. Ata o momento da recollida dos cadáveres*

adoptaranse as medidas que o órgano competente estableza ó respecto, a fin de que se garanta o cumprimento de normas de bioseguridade axeitadas.

- w. *A folla de cálculo co Plan de dexeccións gandeiras, enviarase tamén cada ano, no mes de maio, ao Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, co cálculo das achegas fertilizantes que se prevén facer (en formato dixital excell ou open office). Se ao longo do ano houbera modificacións do previsto, enviarase a folla de cálculo corrixida no mes de abril do ano seguinte.*

Segundo:

Notificar este acordo ó interesado

11. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria accidental.

A secretaria interventora accidental

Visto e prace
O alcalde